

# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

**CEIP PLURILINGÜE MANUEL MURGUÍA**  
**CURSO 2023/24**

## ÍNDICE

1. Plan xeral de proxectos educativos e actuacións concretas .....	3
2. Concreción anual do plan xeral de atención á diversidade .....	4
3. Cadro de organización pedagóxica .....	4
4. Plan de actuación do equipo directivo e dos órganos colexiados .....	18
5. Programación e calendario das reunións dos órganos de coordinación docente.....	19
6. Xornada escolar e horario do centro.....	20
7. Participación do profesorado en programas de innovación educativa e proxectos .....	28
8. Addenda ao proxecto lingüístico.....	31
9. Seguimento e avaliación do programa de centros plurilingües .....	33
10. Libros de texto e demais materiais curriculares .....	34
11. Tarefas extraescolares .....	36
12. Programa anual de actividades complementarias e extraescolares.....	37
13. Plan de autoprotección.....	40
14. Plan de organización e coordinación das tarefas do persoal non docente.....	43
15. Plan para a potenciación e organización das relacións da comunidade coa familia.....	43
16. Plan para a realización do transporte escolar .....	44
17. Regulamento da organización do comedor .....	47
18. Plan de utilización das instalacións do centro.....	51
19. Plan anual de lectura. Equipo de biblioteca .....	51
20. Plan de introdución das TIC. Equipo de TIC.....	53
21. Plan de actividades propostas pola ANPA.....	55
22. Plan xeral de avaliación do centro .....	56

## **1. PLAN XERAL DE PROXECTOS EDUCATIVOS E ACTUACIÓNS CONCRETAS**

Os obxectivos marcados para este curso son os seguintes:

- Revisar os documentos internos do centro, así como os criterios de avaliación e promoción de Educación Primaria.
- Dar maior presenza ao plurilingüismo, optimizando o labor da auxiliar de conversa nas etapas de Educación Infantil e Primaria.
- Reorganizar algúns espazos do centro, incidindo en prácticas metodolóxicas activas.
- Continuar co Plan de Formación Permanente do profesorado, coa temática de “Matemáticas manipulativas”.

### **1.1. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN E RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO.**

- A. Estamos nun momento de cambios legislativos, coa recente publicación do Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Infantil en Galicia; do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de Educación Primaria en Galicia; da Orde do 30 de maio de 2023, que desenvolve o Decreto 150/2022 e regula a avaliación en Educación Infantil; e da Orde do 26 de maio de 2023, pola que se desenvolve o Decreto 155/2022 e se regula a avaliación en Educación Primaria. Polo tanto, cómpre revisar a concreción curricular e os criterios de promoción nos diferentes cursos de Educación Primaria, con vistas a adaptarse á normativa vixente. Ademais, aproveitarase para modificar varios dos documentos do colexio, como o Proxecto Educativo ou o Plan de convivencia. Elaboraranse tamén o Plan de biblioteca e o Plan de actividades físicas e hábitos saudables.
- B. Dende hai varios cursos contamos con auxiliar de conversa, ao ser centro plurilingüe e impartir en inglés Educación Plástica e Visual e Educación Física (esta última, de 3º a 6º de Primaria). Este ano involucraremos máis á auxiliar na vida diaria da escola, propoñéndolle que faga lecturas en inglés ao alumnado dos diferentes cursos, que participe activamente nas nosas celebracións, que organice actividades para difundir a súa cultura...
- C. O colexio conta con varios recunchos, aos cales lles queremos sacar máis partido. Preténdemos optimizar o recuncho deportivo, engadíndolle máis elementos para a actividade física e utilizándoo a diario. Tamén o recuncho creativo, iniciado grazas á participación do programa da consellería “Biblioteca creativa”. Igualmente hai un recuncho de lecer e xogo, fronte á biblioteca, que pretendemos usar diariamente, como

mínimo nos períodos de lecer.

D. O curso pasado levouse a cabo un Plan de Formación Permanente do Profesorado no propio centro, relacionado cos xogos e co Proxecto Documental Integrado do curso pasado, que versaba sobre a ciencia. Actualmente solicitamos a continuación do PFPP, neste caso centrándonos nas “Matemáticas manipulativas”.

## **2. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

A diversidade é unha realidade social e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo; realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumna e cada alumno, da singularidade de cada familia e de cada unha das profesoras e dos profesores, tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto.

A resposta educativa a esa diversidade debe concretarse no proxecto educativo, en cada unha das ensinanzas, na coordinación docente, na personalización da educación do alumnado, nos recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e á súa preparación para convivir e participar, de forma autónoma, nunha sociedade democrática.

No marco do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, enténdese por atención á diversidade “*o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado*” (artigo 3). Polo que, ningunha circunstancia persoal ou social pode ser motivo de discriminación á hora de organizar a atención educativa do alumnado.

O obxectivo educativo de conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible, require que se lles facilite unha educación adaptada ás súas singularidades, que se lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios. E sendo isto necesario para a totalidade do alumnado, máis nos casos daquel que presenta necesidades educativas especiais, retraso madurativo, trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da

comunicación, trastornos de atención ou de aprendizaxe, descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, situación de vulnerabilidade socioeducativa, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou condicións persoais ou de historia escolar.

A atención deste alumnado, deberá axustarse, entre outros, aos principios de normalización de servizos, de flexibilidade na resposta educativa, de prevención e de atención personalizada.

A partir desta concepción da diversidade, elabórase o Plan Xeral de Atención á Diversidade. Nel concréntanse todas as actuacións e medidas que se desenvolven no noso centro, co fin de adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do alumnado, compensando as diferenzas individuais que poidan existir. As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario, en cumprimento do disposto no artigo 4 do mencionado decreto. As medidas e accións que se propoñen baséanse nos principios de normalización e a inclusión; a equidade, a igualdade de oportunidades e non discriminación; a flexibilidade e a accesibilidade; a interculturalidade e a promoción da convivencia; a autonomía dos centros docentes e a participación de toda a comunidade educativa. Nesta concreción anual inclúense as actuacións e os niveis nos que está previsto implementalas no curso 2023/24. Calquera modificación será recollida na memoria que se elaborará ao final do curso.

## **2.1. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINIÇÃO DE ACCIÓNS PRIORITARIAS.**

Criterios de organización dos apoios. Lexislación aplicable:

- A avaliación inicial durante o mes de setembro (Orde do 26 de maio de 2023) será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumno/a. Non obstante, na avaliación final de cada curso quedará determinado o alumnado que recibirá apoio, preferentemente, desde o comezo do curso seguinte.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de Educación Primaria en Galicia (artigo 21, punto 3): *“No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo”.*
- Decreto 155/2022 e Orde do 26 de maio de 2023: repetición de curso (decisión colexiada, deberá ter especial consideración a información e o criterio do titor/a): esta medida irá

acompañada dun plan específico. O centro adoptará as medidas precisas para que o alumnado reciba os apoios necesarios para a recuperación de ditas aprendizaxes (Plan específico de reforzo e recuperación ou apoio).

- Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, de atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

## **2.2. APOIOS DO PROFESORADO ESPECIALISTA.**

A organización dos apoios por parte do profesorado especialista dará prioridade a:

- Alumnado con necesidades educativas especiais.
- Alumnado con informe do EOE no que consten as necesidades de apoio.
- Alumnado que teña ACS.
- Alumnado que, a pesar de ter repetido curso, presenta dificultades para seguir o ritmo da clase.
- Alumnado inmigrante ou de minorías socialmente desfavorecidas que presentan un desfase curricular con respecto ao grupo clase.

Se o horario das docentes especialistas en Pedagogía Terapéutica o permite, atenderase ao alumnado que presente dificultades na aprendizaxe de diferentes habilidades como as sociais, a lóxico-matemática, a lectoescritura ou as funcións executivas.

Os apoios faranse, principalmente, nas aulas ordinarias, aínda que nalgúns casos poderanse levar a cabo na aula de apoio ou en modalidade combinada, en función das dificultades e necesidades de cada alumno/a, do número de nenos/as a atender en cada sesión, en consenso co titor/a e sen molestar ao resto do alumnado da aula.

A organización dos apoios deberá ser aberta, flexible e suxeita a posibles modificacións:

- As intervencións específicas que sexan precisas por parte das mestras especialistas de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe serán propostas e deseñadas polo Departamento de Orientación, do que forman parte, en colaboración co titor/a do grupo ao que pertence o alumno/a.
- Tales actuacións levaranse a cabo normalmente dentro da aula, xunto co resto do alumnado dese grupo, e só poderán levarse fóra dela en casos excepcionais, e durante un tempo que non excederá da terceira parte da xornada escolar (Orde de 8 de setembro de 2021).

### 2.3. AVALIACIÓN DE ALUMNADO CON ACS.

Rexerase, con carácter xeral, polo disposto na orde de avaliación en Primaria (Orde do 26 de maio de 2023). Os criterios de avaliación establecidos na ACS dun determinado alumno/a serán o seu referente fundamental, tanto para a súa avaliación como para a súa promoción.

### 2.4. MEDIDAS PARA ALUMNADO CON NEAE.

Prevense aquelas que responden a necesidades concretas existentes no centro na actualidade, sen prexuízo doutras que eventualmente puideran establecerse dentro do marco legal vixente.

#### 2.4.1. Medidas curriculares.

##### Ordinarias

- *Adecuación das programacións didácticas de cada grupo, segundo as conclusións e propostas obtidas da avaliación inicial e a avaliación continua.*
- *Reforzo educativo ao alumnado que o necesite.*
- *Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas no caso de alumnos/as con informe do Departamento de Orientación e previo á ACS, cun atraso curricular considerable nas áreas instrumentais e competencias clave.*
- *Programas de recuperación das materias non superadas.*
- *Programas de enriquecemento curricular, no caso de alumnado con altas capacidades.*
- *Apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria a alumnos/as con dificultades específicas e temporais segundo os criterios establecidos.*
- *Adaptación de tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.*
- Medida excepcional: *permanencia dun ano máis no nivel no caso de non acadar os obxectivos e desenvolvemento de competencias do nivel ou etapa e despois de ter esgotado medidas ordinarias.*

##### Extraordinarias

- *Adaptacións curriculares.* A proposta curricular é elaborada polo mestre ou mestra responsable, coa participación do profesorado de apoio cando sexa o caso e o asesoramento do Departamento de Orientación (DO). Solicítase a través da dirección do centro e autorízase a Inspección educativa correspondente.
- *Apoios de especialistas de PT/AL.* Inclúe as intervencións e a atención directa co alumnado con necesidade específica de apoio educativo, con informe dos servizos de

orientación e por proposta da persoa responsable da orientación no centro. Son autorizadas pola dirección.

- Flexibilización da duración do período escolar nas diferentes etapas, previa aplicación doutras medidas de adaptación curricular ou organizativas para a atención das necesidades do alumnado.

#### **2.4.2. Medidas organizativas.**

- Apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria (en Primaria) a grupos con alumnos/as con necesidades educativas especiais. Posteriormente, a grupos con maiores dificultades.
- Apoios de especialistas de educación infantil. Darase prioridade ao grupo de tres anos durante o período de adaptación. Posteriormente, a distribución dependerá das necesidades detectadas.
- Elaboración de horarios tendo en conta a previsión e a distribución de áreas e recursos.
- Reunións de coordinación e seguimento relativas ao alumnado con NEAE. *Finalidade:*
  - Avaliación das medidas curriculares adoptadas e o seu desenvolvemento.
  - Organización da atención, materiais e recursos.
  - Coordinación coas familias.
- Coordinación con outros centros.
- Reunións con servizos externos que atenden a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (atención temperá, saúde mental...). *Finalidade:*
  - Intercambio de información, orientacións e recursos (coa conformidade da familia).
- Información ás familias de alumnado proposto para medidas de atención á diversidade:
  - Inicial. Despois da avaliación inicial comunicánselle as necesidades e as medidas propostas.
  - Final. Ao remate do curso ou das medidas de atención á diversidade.  
Así mesmo, realizaranse todas as reunións que se consideren adecuadas para unha correcta comunicación entre o centro e a familia.
- Asesoramento de apertura e/ou aplicación dos protocolos establecidos pola Consellería.

#### **2.5. APOIOS / REFORZO EDUCATIVO POR PARTE DE PROFESORADO TITOR.**

No presente curso, parte do profesorado ten no seu horario lectivo varias sesións para apoio de alumnado de diversas titorías. Estes apoios son establecidos polo Equipo Directivo, unha vez escoitadas as titorías e analizadas as necesidades dos grupos. Cada titor/a, en función das necesidades e características do seu alumnado, utiliza as sesións de apoio para prestar reforzo educativo a alumnado concreto que ten algunhas dificultades para seguir o ritmo do grupo clase, ou como apoio en actividades xerais a nivel de aula.

Ademais, cada titor/a vese na obriga de reforzar de xeito continuado ao alumnado do seu grupo clase con dificultades de aprendizaxe.

## **2.6. PROPOSTA PARA O MES DE SETEMBRO.**

Protocolo de actuacións no mes de setembro:

- No comezo do curso, ante os cambios do Departamento de Orientación e as novas incorporacións de alumnado, coñécense os casos de atención á diversidade do noso colexio e apoíase, preferentemente, aos alumnos/as con necesidades educativas especiais, os/as que tiñan ACS e os/as que precisaban un reforzo educativo significativo. Préstase especial atención aos apoios, para facilitar ao máximo a adaptación escolar e a integración do alumnado con necesidades educativas especiais. Tamén se incide nos alumnos/as de 4º de Educación Infantil, que se incorporaron por primeira vez ao colexio, así como nos alumnos/as de Educación Primaria procedentes doutros centros.
- Ao final do curso pasado, quedou determinada a previsión de alumnos/as que recibirían apoios dende o inicio do curso. Non obstante, terase sempre en conta a incorporación de alumnado de novo ingreso no centro que poida presentar NEE ou NEAE.

## **2.7. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.**

O procedemento para a intervención da orientadora do centro educativo será o seguinte, ante a demanda de intervención individual do alumno/a, ben a petición do titor/a ou por iniciativa dos pais/nais:

1. O profesorado titor informará ás familias e estas amosarán por escrito a súa conformidade. O titor/a cumprimentará un protocolo que recolla a escolaridade: datos persoais do alumno/a, centros nos que estivo escolarizado e historia escolar (se repetiu algún curso, promocionou con insuficiente nalgunha área ou recibiu apoio ao longo da súa escolaridade), os aspectos máis positivos e a dificultades máis acusadas...
2. O orientador entrevistase co titor ou coa titora. Analizaranse resultados de avaliación inicial e/ou continua, traballo de aula, etc.
3. Entrevista familia – orientadora, preferentemente conxunta co profesorado titor.
4. Entrevista alumno/a – orientadora.

Cando a información obtida deste xeito non se considerase suficiente para a realización dunha proposta educativa (ACS, RE, flexibilización) aplicaranse probas psicopedagóxicas individuais e elaborárase o correspondente informe. O/a titor/a comunicará ás familias as posibles medidas a adoptar (ACS, RE, flexibilización).

### **2.7.1. Estratexias referidas ao alumnado.**

Cando os/as titores/as realizan a avaliación inicial do alumnado, temos unha fonte de información para detectar posibles necesidades específicas. Tratarase de coñecer cal é a competencia curricular dos nenos/as nas áreas instrumentais, especialmente dos que presentan dificultades de aprendizaxe, para poder traballar eses déficits que presenten, preparando actividades de reforzo e/ou adaptando as actividades que sexan necesarias. Deste xeito, podemos valorar a evolución do propio alumno/a comparando o seu rendemento ao longo do curso, co que presentaba na avaliación inicial.

Haberá colaboración do equipo docente, titores/as, familias e Departamento de Orientación, para unha pronta detección de posibles NEAE do alumnado, co obxecto de buscar as respostas educativas axeitadas, que permitan levar a cabo unha rápida intervención.

Será labor de todos os docentes do grupo, coordinados polo/a titor/a, en colaboración co Departamento de Orientación, axudar ao alumnado para que adquira os procedementos axeitados de técnicas de estudo.

Os/as titores/as poñerán en práctica estratexias para que o alumnado de 6º de Educación Primaria teña coñecemento da estrutura do sistema educativo e das posibilidades de estudo a curto, medio e longo prazo.

Os equipos de docentes de Educación Primaria, ao abeiro da Orde do 26 de maio de 2023, informarán ao alumnado dos criterios polos que vai ser avaliado.

Atendendo ao Decreto 229/11, do 7 de decembro, de atención á diversidade nos centros de Galicia, terase en conta a medida ordinaria dos "Programas de recuperación", programa dirixido a aqueles alumnos/as que repitan curso; xa que a repetición de curso debe entenderse como un medio de recuperación e irá, polo tanto, acompañada e asociada a un plan de traballo que permita ao alumno/a superar os problemas específicos que presenta.

### **2.7.2. Estratexias referidas ao profesorado.**

A relación do/a titor/a co Departamento de Orientación irá encamiñada a detectar e previr condutas do alumnado que dificulten o seu proceso de ensino-aprendizaxe, solicitando o asesoramento necesario, de ser o caso.

A relación do/a titor/a cos docentes, potenciará a información sobre aspectos de relevancia do grupo titorizado, que poden incidir na mellora do ensino-aprendizaxe. A coordinación coas mestras especialistas en PT e AL, se prestan apoio a algún alumno/a do seu grupo titorizado, deberá ser moi estreita, para potenciar ao máximo este recurso.

O/a titor/a tamén se encargará de organizar e dirixir as xuntas de avaliación nas que se realizará unha síntese da avaliación formativa referente aos logros acadados polo alumnado atendendo á avaliación inicial, á situación actual do alumnado con NEAE...

Os/as titores/as poñerán en práctica estratexias que favorezan unha adecuada

comunicación familia-centro, comunicándolles o horario de atención ás familias, mantendo entrevistas persoais para abordar aspectos educativos dos seus fillos/as e así mesmo, acadar a información necesaria para mellorar a situación escolar do alumnado e informándoos dos criterios polos que van a ser avaliados os seus fillos/as.

## **2.8. TEMPORALIZACIÓN.**

Neste apartado concretaranse as actividades para lograr os obxectivos fixados na PXA, e estas deberán ter un carácter flexible e revisable. Preséntase unha secuenciación trimestral:

### **2.8.1. Primeiro trimestre.**

- Organización de apoios no mes de setembro.
- Diagnose inicial da convivencia no centro.
- Reunións do Departamento de Orientación.
- Revisión do Plan xeral de atención á diversidade.
- Colaboración co profesorado titor na avaliación inicial do alumnado.
- Organización de apoios e establecemento dos mesmos.
- Elaboración de ACS.
- Reunións periódicas co profesorado titor e co profesorado de apoio.
- Atención ás demandas de orientación que se presenten, priorizando as de NEAE e respectando os criterios establecidos.
- Busca de estratexias que permitan unha mellora na atención á diversidade: reunións periódicas de titores/as e profesionais implicados na atención directa ao alumno/a.
- Participación nas sesións de avaliación do alumnado.
- Colaboración na tramitación das bolsas do MEC para alumnado con NEAE.
- Aplicación, se o consideramos axeitado, da “*Batería de Aptitudes Generales y Diferenciales*” (BADyG I) a 6º de Educación Infantil.

### **2.8.2. Segundo trimestre.**

- Estudo dos resultados da avaliación do primeiro trimestre: índice de fracaso escolar, posibles medidas a adoptar ou revisión das adoptadas nun primeiro momento.
- Reunións do Departamento de Orientación.
- Revisión dos diferentes proxectos.
- Entrevistas con alumnado e familias.
- Atención ás novas demandas de orientación que se presenten.
- Participación nas sesións de avaliación do alumnado.

- Incidencia en aspectos relacionados coa lectura e a escritura.
- Aplicación, se así se estima oportuno, da “*Batería de Aptitudes Generales y Diferenciales*” (BADyG E3) a 6º de Educación Primaria.

### 2.8.3. Terceiro trimestre.

- Reunións do Departamento de Orientación.
- Orientación ao alumnado de 6º sobre a ESO.
- Fomento da valoración do esforzo no traballo.
- Sesións de avaliación do alumnado.
- Avaliación das medidas de atención á diversidade.
- Elaboración das diferentes memorias.
- Informe aos alumnos con NEAE que pasen ao IES.

## 2.9. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN.

Realizarase unha avaliación formativa e continua ao longo do curso, onde segundo o grao de consecución dos obxectivos propostos adoptaranse, se procede, as medidas correctoras que sexan necesarias.

Ao remate do curso farase unha avaliación que permita determinar se foron acadados os obxectivos e se a temporalización foi a axeitada.

Como estratexias e instrumentos da avaliación realizaremos unha análise das actas de reunións do Departamento de Orientación, dos materiais elaborados, das intervencións e informes realizados... e contrastando todos os datos obtidos extraeremos as conclusións pertinentes para a memoria.

## 2.10. O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

### Composición

Mestra especialista en Pedagogía Terapéutica	Alba Domínguez Caneda
Mestra especialista en Audición e Linguaxe	Ana Mª Astray Iglesias
Coordinador de Infantil	Juan Luís Zapata Trillo
Coordinadora 1º Ciclo de Primaria	Lucía Yáñez Santos
Coordinadora 2º Ciclo de Primaria	Jessica Paradelo García
Coordinadora 3º Ciclo de Primaria	Carmen Ibáñez Valiña
Xefa do Departamento de Orientación	Lidia Tuñas Rodríguez

## Funcións

O Departamento de Orientación desenvolve as súas funcións naqueles ámbitos relacionados coa orientación psicopedagóxica, académica e profesional.

As súas competencias recóllense no Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional de Galicia, e na Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, regulada polo Decreto 120/1998.

## Horario

O Departamento de Orientación foi constituído en reunión celebrada o 14 de setembro de 2023, segundo consta na acta correspondente.

As reunións do D.O. están previstas para os luns, alternos, de 17.00 a 18.00 horas. A asistencia é obrigatoria. A xefatura do departamento levantará a acta correspondente.

A xefatura do departamento de orientación ten como centro base o CEIP PLURILINGÜE LABACA, que ten orientación compartida co CEIP PLURILINGÜE MANUEL MURGUÍA. Seguindo as instrucións da Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, a orientadora realizará o seu traballo nos distintos centros, cun reparto semanal do seu horario proporcional ao número de unidades de cada centro.

Este curso hai dúas orientadoras a tempo parcial, unha en cada centro, repartindo os horarios equitativamente, de acordo cos equipos directivos, do seguinte xeito:

- Martes e mércores: CEIP LABACA.
- Xoves e venres: CEIP PLURILINGÜE MANUEL MURGUÍA.
- Luns: alternos, un en cada centro.

As horas de atención ao profesorado dependerán do tempo dispoñible destes e da orientadora. En principio, procurarase empregar o tempo de permanencia dos luns pola tarde e algunha sesión de lecer (agás a de garda de patio da orientadora).

### **3. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA**

#### **3.1. ÓRGANOS DE GOBERNO.**

##### **A) UNIPERSOAIS.**

DIRECTOR: Rubén Annicchiarico Ramos.

XEFA DE ESTUDOS: María Barca Gómez.

SECRETARIO: Juan Luis Zapata Trillo.

##### **B) CLAUSTRO DE PROFESORES.**

- Lía Vázquez Fernández Titora de 4º de Educación Infantil.
- Saleta Cundíns Fernández Titora de 5º de Educación Infantil.
- Ángeles López Santos Titora de 6º de Educación Infantil.
- Juan Luis Zapata Trillo Apoio de Infantil.
- Lucía Yáñez Santos Titora de 1º curso de EP.
- Mª Jesús Pazos Mosquera Titora de 2º curso de EP.
- Cristina Toba Santabaya Titora de 3º curso de EP.
- Jessica Paradela García Titora de 4º curso de EP.
- Carmen Ibáñez Valiña Titora de 5º curso de EP.
- Mar Vaamonde García Titora de 6º curso de EP.
- Raúl Casal Álvarez Especialista de Música. Imparte tamén varias áreas.
- Rubén Annicchiarico Ramos Especialista de EF.
- María Barca Gómez Especialista de Inglés.
- Alba Domínguez Caneda Especialista de PT.
- Ana María Astray Iglesias Especialista de PT (tempo parcial).
- María Nieves Fdez. Rubiales Especialista de Relixión Católica (tempo parcial).
- Elizabeth Marín Retamal Especialista de Relixión Evanxélica (tempo parcial).
- Sara Gragera López Especialista de Orientación (tempo parcial).

##### **C) PERSOAL NON DOCENTE.**

- Sonia Montero Ríos Conserxe.
- Montserrat Lairado Ruíz Operaria de limpeza.
- Cristóbal Ramos Gil Operario de limpeza.
- Alba Leobalde García Coidadora.
- Rosario Arufe Vázquez Enfermeira.

##### **D) CONSELLO ESCOLAR.**

PRESIDENTE:

- ❖ Ruben Annicchiarico Ramos.

#### XEFA DE ESTUDOS:

- ❖ María Barca Gómez.

#### SECRETARIO:

- ❖ Juan Luis Zapata Trillo.

#### REPRESENTANTES DE MESTRES:

- ❖ Jessica Paradela García.
- ❖ M<sup>a</sup> Jesús Pazos Mosquera.
- ❖ Cristina Toba Santabaya.
- ❖ Mar Vaamonde García.
- ❖ Lía Vázquez Fernández.

#### REPRESENTANTES DOS PAIS:

- ❖ Belén Arias García.
- ❖ Patricia Ferreiro Gómez (ANPA).
- ❖ Iria García Vázquez.
- ❖ José Luis Lires Freire.
- ❖ Vanessa Romero Albores.

#### REPRESENTANTE DO CONCELLO:

- ❖ Laura Cedrón Punte.

#### REPRESENTANTE DE PERSOAL NON DOCENTE:

- ❖ Sonia Montero Ríos.

### 3.2. EQUIPOS DE TRABAJO.

#### A) COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.

Rubén Annicchiarico Ramos	Presidente	Director.
María Barca Gómez	Vogal	Xefa de estudos.
Juan Luis Zapata Trillo	Vogal	Coordinador Educación Infantil.
Lucía Yáñez Santos	Vogal	Coordinadora de 1º ciclo EP.
Jessica Paradela García	Vogal	Coordinadora de 2º ciclo EP.
Carmen Ibáñez Valiña	Vogal	Coordinadora de 3º ciclo EP.
Sara Gragera López	Vogal	Orientadora.
Alba Domínguez Caneda	Vogal	Mestra de PT.
Cristina Toba Santabaya	Vogal	Encargada de biblioteca.

#### B) ADSCRICIÓN A NIVEIS.

- Raúl Casal Álvarez 1º ciclo de EP.

- Ana María Astray Iglesias 1º ciclo de EP.
- Alba Domínguez Caneda 2º ciclo de EP.
- Rubén Annicchiarico Ramos 3º ciclo de EP.
- María Barca Gómez 3º ciclo de EP.

#### C) EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

- Saleta Cundíns Fernández Coordinadora.
- Ana María Astray Iglesias
- Jessica Paradela García
- Carmen Ibáñez Valiña

#### D) EQUIPO DE BIBLIOTECA.

- Cristina Toba Santabaya Coordinadora.
- Ana Mª Astray Iglesias
- María Barca Gómez
- Saleta Cundíns Fernández
- Alba Domínguez Caneda
- Carmen Ibáñez Valiña
- Jessica Mª Paradela García
- Mª Jesús Pazos Mosquera

#### E) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

- Lía Vázquez Fernández Coordinadora.
- María Barca Gómez
- Alba Domínguez Caneda
- Mª Jesús Pazos Mosquera

#### F) EQUIPO DAS TIC.

- Mar Vaamonde García Coordinadora.
- Raúl Casal Álvarez
- Juan Luis Zapata Trillo

#### G) EQUIPO DO PROXECTO DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA.

- Rubén Annicchiarico Ramos Coordinador.
- Ángeles López Santos
- Cristina Toba Santabaya

- Lucía Yáñez Santos

#### H) EQUIPO DE ATENCIÓN A ALUMNADO CON ENFERMIDADE CRÓNICA.

- Rubén Annicchiarico Ramos      Coordinador.
- María Barca Gómez
- Juan Luis Zapata Trillo

#### I) EQUIPO DE ECOESCOLA.

- Ángeles López Santos      Coordinadora.
- Ana M<sup>a</sup> Astray Iglesias
- Saleta Cundíns Fernández
- Carmen Ibáñez Valiña
- Jessica M<sup>a</sup> Paradela García
- Cristina Toba Santabaya
- Mar Vaamonde García
- Lía Vázquez Fernández
- Lucía Yáñez Santos

### 3.3. OUTRAS COMISIÓNS.

#### A) COMISIÓN DE CONVIVENCIA.

- ✓ Rubén Annicchiarico Ramos      Presidente.
- ✓ María Barca Gómez
- ✓ Patricia Ferreiro Gómez
- ✓ Sonia Montero Ríos

#### B) COMISIÓN ECONÓMICA.

- ❖ Rubén Annicchiarico Ramos      Presidente.
- ❖ Juan Luis Zapata Trillo
- ❖ Mar Vaamonde García
- ❖ Iria García Vázquez

#### C) COMISIÓN DE BIBLIOTECA.

- Cristina Toba Santabaya      Secretaria.
- María Barca Gómez
- Patricia Ferreiro Gómez (ANPA)
- Belén Arias García

- Laura Cedrón Puente

D) RESPONSABLE DE IMPULSAR AS MEDIDAS EDUCATIVAS QUE FOMENTEN A IGUALDADE REAL E EFECTIVA ENTRE HOMES E MULLERES.

- M<sup>a</sup> Jesús Pazos Mosquera

### 3.4. ELEMENTOS PERSONAIS.

CURSO	Nº ALUMNOS/AS	DOCENTE
4º de Educación Infantil	18	Lía Vázquez Fernández
5º de Educación Infantil	15	Saleta Cundíns Fernández
6º de Educación Infantil	14	Ángeles López Santos
1º de Educación Primaria	17	Lucía Yáñez Santos
2º de Educación Primaria	16	M <sup>a</sup> Jesús Pazos Mosquera
3º de Educación Primaria	14	Cristina Toba Santabaya
4º de Educación Primaria	16	Jessica M <sup>a</sup> Paradela García
5º de Educación Primaria	23	Carmen Ibáñez Valiña
6º de Educación Primaria	20	Mar Vaamonde García

## 4. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO E DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

O Equipo Directivo reunirse semanalmente para coordinar o seu labor convidando, con carácter consultivo, a calquera membro da comunidade educativa que crea conveniente.

O Consello Escolar celebrará tres reunións ordinarias, unha por trimestre, e todas aquelas extraordinarias e/ou urxentes que sexan precisas ao longo do curso, posibilitando a asistencia de todos os seus membros e facéndolles chegar a documentación pertinente (correo electrónico).

O Claustro de Profesores celebrará, como mínimo, unha reunión por trimestre, sendo como mínimo unha a principio e outra a finais de curso, e todas aquelas que sexan necesarias para o bo funcionamento do centro.

#### **4.1. ACTIVIDADES DO CONSELLO ESCOLAR E TEMPORALIZACIÓN DAS REUNIÓN S.**

##### **1º TRIMESTRE.**

- Programación Xeral Anual do Centro.
- Programa de actividades extraescolares.
- Establécese como día de exclusiva os luns, de 15:30 a 18:30.
- Proxectos educativos (Normas de organización, funcionamento e convivencia; Proxecto educativo; Plan dixital; Proxecto lector...).

##### **2º TRIMESTRE.**

- Aprobación do balance económico do ano 2023.
- Seguimento da Programación Xeral Anual do centro.
- Presuposto do exercicio 2024.

##### **3º TRIMESTRE.**

- Estado de contas do 1º semestre do 2024.
- Memoria de final de curso.
- Admisión de alumnos/as.
- Reconto de libros de texto: axudas para a adquisición e fondo libros.
- Seguimento de proxectos educativos.

### **5. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓN S DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE**

Debido ás condicións especiais do colexio e do Claustro de Profesores e tendo en conta que é un claustro reducido, todo o profesorado reunirse todos os luns, en horario de 15:30 a 16:00, para tratar diversos temas, relacionados coa organización e funcionamento xeral do colexio.

De 16:00 a 17:00 haberá reunións dos diferentes equipos. De 17:00 a 18:00 será a hora de atención ás familias, e de 18:00 a 18:30 farase traballo de dedicación ao centro. Naqueles casos es que se considere necesario, poderanse levar a cabo reunións de ciclo, sempre e cando os seus membros estean dacordo.

A modo de exemplo móstranse as reunións do mes de outubro:

## CALENDARIO DE REUNIÓN S – OUTUBRO

SEMANA	DÍA	EQUIPO	MEMBROS
2 a 8	Luns, 2	Ecoescola	Ángeles, Ana, Carmen, Cris, Jessica, Lía, Lucía, Mar e Saleta.
		Elaboración de documentos	Rubén, Alba, Juan, María e Raúl.
		Biblioteca creativa	Chus
9 a 15	Luns, 9	Biblioteca	Cristina, Alba, Ana, Carmen, Chus, Jessica, María e Saleta.
		Elaboración de documentos	Rubén, Ángeles, Juan, Lía, Lucía, Mar e Raúl.
16 a 22	Luns, 16	Dinamización	Saleta, Ana, Jessica e Carmen.
		Act. Comp. e Ext.	Lía, Chus, Alba e María.
		TIC	Mar, Juan e Rubén.
		PVAD	Rubén, Ángeles, Lucía e Cris.
Cando sexa necesario	18:00-18:30	Infantil	Juan, Lía, Saleta e Ángeles.
		1º Ciclo	Lucía, Chus, Ana e Raúl.
		2º Ciclo	Jessica, Cris e Alba.
		3º Ciclo	Carmen, Mar, María e Rubén.

### 6. XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO

#### 6.1. CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DOS HORARIOS.

Son os seguintes:

- Favorecer os horarios do alumnado de PT, de forma que aqueles grupos nos que hai nenos/as con ACS ou certas necesidades especiais poidan asistir ás clases de Música, EF e Inglés.
- Non poñer ningunha materia que só teña unha sesión semanal (Educación Plástica e Visual, Relixión ou Música e Danza) a última hora.
- Ter en conta as peticións do profesorado de horas libres por compensación de garda de transporte no momento en que solicitaron.
- Condensar o horario de materias bilingües (Educación Física e Educación Plástica e Visual) nas que hai auxiliar de conversa, para que esta poida ter un horario axeitado, de martes a venres, nas 16 horas semanais que asiste ao colexio.
- Poñer as especialidades, dentro do posible, a última hora da mañá.

- Situar as áreas impartidas pola titora especialmente nas primeiras horas da xornada.
- Contar con que as mestras de Relixión son compartidas con outros centros e teñen que coordinar a súa asistencia aos diferentes niveis.
- Ter en conta que o horario de dedicación directa ao centro que non corresponda a tarefas lectivas farase os luns de 15:30 a 18:30 e destinarase a reunións dos docentes, tutorías de pais/nais, avaliacións...
- Posibilitar que os membros do Departamento de Orientación teñan unha hora de coordinación dentro do horario lectivo, naquelas semanas que sexa imposible levalas a cabo os luns pola tarde, debido á ausencia dalgúns dos seus membros, e se considere necesario facer dita coordinación.
- Compensar o tempo dedicado a gardas de transporte de forma semanal, ante a imposibilidade de facelo diariamente.
- O profesorado implicado nas diferentes actividades complementarias (visitas, obradoiros, conmemoracións...) ten a obriga de estar o tempo preciso no colexio, independentemente de que conte con hora de libre disposición.

## **6.2. CRITERIOS DE SUBSTITUCIÓN.**

Serán os seguintes:

1. Cando falte un mestre/a, será substituído pola mestre/a que teña hora de dedicación ao centro (garda). Cando o que falte sexa un/unha especialista e o titor/a teña esa hora dispoñible, de garda, procurarase que sexa quen substitúa, excepto que haxa outra necesidade e/ou posibilidade.
2. Cando falte un mestre/a de Educación Infantil será substituído, se é posible, por algún mestre/a que imparta docencia nesa etapa educativa. O mesmo ocorre en Educación Primaria: intentarase que substitúa un mestre/a que teña docencia en Primaria.
3. Cando falte a mestra de Relixión (católica ou evanxélica), farase cargo de todos os alumnos/as o mestre/a que imparta Atención Educativa (Educación Infantil) ou Proxecto competencial (Educación Primaria), salvo que xurda algún tipo de inconveniente ou imposibilidade. En caso de que a falta sexa prevista, a mestra de Relixión deixará traballo preparado para que o seu alumnado poida realizar de maneira autónoma. Se a falta da mestra de Relixión é imprevista, a persoa que atende a todo o grupo decidirá que tipo de actividade pode facer con todos os nenos/as.
4. Cando nunha aula falte o docente e exista mestre/a de apoio, este/a farase cargo de todo grupo.
- Os pais, nais ou titores legais comunicarán á titora do seu fillo ou filla calquera enfermidade ou situación médica que padeza e que consideren deba ser coñecida polo colexio. Hai catro nenos/as que están dados de alta no programa Alerta Escolar.
- Cando a situación médica dun alumno ou alumna sexa comunicada unicamente de xeito verbal á titora entenderase que os pais, nais ou titores legais a valoran como leve

e sen importancia, non requirindo ningunha atención especial por parte do centro. A titora decidirá a súa anotación para que forme parte dos datos do seu alumno/a.

- Cando a situación médica dun alumno ou alumna sexa valorada como importante ou de certa gravidade e que poida requirir de atención especial, esíxese a presentación dun certificado médico, que debe ser entregado polos pais, nais ou titores legais ao titor/a. Cada titora quedarase cunha fotocopia deste e entregará o orixinal ao Equipo Directivo, que o arquivará xunto co expediente do alumno/a.
- Os datos médicos, igual que os demais datos de cada alumno/a, son confidenciais e como tales só terán acceso a eles a titora, a orientadora, a enfermeira e o Equipo Directivo.
- O Equipo Directivo informará das situacións médicas certificadas aos demais mestres/as que lle imparten clases ás alumnas/os afectados.
- A comunicación dentro ou fóra do colexio dos datos médicos dun alumno/a, terá como único obxectivo e fin protexer e velar pola súa integridade física e/ou mental.
- A manifestación de información sobre datos dun alumno/a, fóra do ámbito estritamente educativo ou médico, por parte do persoal do centro, docente ou non docente, deberá ser considerada como unha decisión persoal e baixo a súa única e total responsabilidade.

### **13.2. MEDIDAS SANITARIAS ANTE UNHA INDISPOSICIÓN OU ACCIDENTE LEVE.**

En caso de enfermidade ou accidente leve atenderá ao alumno/a o profesor/a que se atope na clase nese momento ou o docente de garda, se é no recreo. Calquera situación que sobrepase as competencias dos docentes, poñerase en coñecemento da enfermeira do colexio. As medidas sanitarias básicas no propio colexio serán as seguintes:

- ❖ Desinfección de rozaduras e pequenas feridas superficiais con auga e xabón. Poderase colocar unha tiriña ou gasa e esparadrapo.
- ❖ Aplicación dunha almofadiña de xeo ou xel frío e/ou unha pomada, en caso de golpes sen ferida.
- ❖ Cando o golpe sexa na cabeza, aínda sen ferida, comunicaráselle á familia para que decida se deixa ao neno/a no centro ou o recolle para levalo a un exame médico.
- ❖ No caso de que a enfermidade ou accidente revista, a priori, certa gravidade, tamén se avisará á familia.
- ❖ De non poder facerse cargo do ferido os pais ou titores chamarase ao 112 para que decida os pasos a seguir. De ter que evacualo en ambulancia será acompañado polo titor/a ou por un membro do Equipo Directivo, quen permanecerá con el ata que se faga cargo a familia.

- ❖ As fotocopias das cartillas sanitarias estarán arquivadas na documentación do/a alumno/a, na Secretaría do centro.

Os pais, nais ou titores legais que non queiran que se adopten co seu fillo/a as medidas anteriores, deberán comunicalo por escrito e asinado ante a Dirección do colexio. Neste caso, o centro chamará á familia ante calquera lesión.

### **13.3. PLANO DE EVACUACIÓN DO CENTRO.**

- ❖ Procederáse á evacuación do colexio no caso de calquera emerxencia que supoña perigo para a integridade física das persoas.
- ❖ Como medida preventiva, efectuarase, ao menos, un simulacro de emerxencia por curso escolar. Así mesmo, o plano de evacuación farase público nos taboleiros do centro e das aulas, indicando dun xeito claro a saída a tomar.
- ❖ A/O docente que se atope nunha aula no momento da urxencia é responsable dela. Permanecerá sempre a carón dos alumnos/as e será o que dirixa a evacuación dese grupo de alumnos, coidando que todos e cada un deles cumpran as normas de evacuación presentes.
- ❖ Os mestres/as con hora non lectiva asumirán tarefas de reforzo nas aulas de Educación Infantil e de persoal “escoba” percorrendo os servizos, ximnasio, biblioteca e as aulas comúns.
- ❖ A conserxe fará soar a sirena e, xunto co persoal de limpeza, coidará de que as portas estean abertas.

#### **Evacuación.**

- Os alumnos/as formarán fila, sen recoller ningún dos seus efectos persoais.
- Un/unha docente tomará a dianteira para dirixir a saída do alumnado, coidando que os grupos permanezan unidos.
- O alumnado da planta de entrada (Educación Infantil, e 1º e 2º curso de Primaria) sairán pola porta principal, e dirixiranse cara ao parque de Educación Infantil.
- O alumnado da primeira planta, (3º, 4º, 5º e 6º cursos de Primaria, e os/as que estean na aula de Música, de ser o caso), baixarán co mestre/a que dirixe a evacuación, e sairán pola planta de entrada e ata o exterior.
- Os/as alumnos/as que ocupan a biblioteca e ximnasio, se os houbera, sairán pola porta do ximnasio, e acercaranse ao patio de Educación Infantil.
- Todos os grupos de alumnos/as dirixiranse ao citado patio e formarán filas para proceder ao seu reconto.
- Os mestres/as que actuaron de persoal “escoba” incorporarán ao alumnado rezagado

aos seus grupos.

- En caso de necesidade, a Dirección do colexio solicitará axuda das autoridades.

Todos os mestres/as tratarán na programación de aula un contido sobre a seguridade e evacuación, dando a coñecer este plano.

Ao programar calquera saída, estudarase a posibilidade de ter que tomar medidas de seguridade.

## **14. PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE**

O centro conta cunha conserxe que leva a cabo as tarefas que lle son encomendadas polo Concello: facer fotocopias, abrir e pechar a portas, atender o teléfono... Permanece no colexio toda a mañá, de 8:30 a 14:15. Igualmente está no seu posto de traballo polas tardes, mentres duran as actividades extraescolares (de 15:45 a 18:15).

A conserxe encargarase de que as portas de acceso ao colexio permanezan pechadas durante toda a xornada escolar. Durante a mañá, o acceso estará supervisado pola conserxe.

Tamén hai unha persoa encargada da limpeza do colexio, da empresa "Ingesan". Fai o seu labor diariamente, en horario de 8:25 a 16:10.

Hai outra persoa que está de 16:45 horas ata as 20:45, para limpar a parte nova do centro e o ximnasio.

## **15. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA**

Durante todo o curso, envíase información periódica ás familias sobre diversos aspectos, por medio da aplicación "Abalar Móbil" e circulares en papel. Tamén se celebran algunhas reunións, así coma xornadas de portas abertas.

A continuación amósanse as datas das reunións de principio de curso para as diferentes titorías:

CURSOS	DATA	DÍA	HORA
4º EI	5-9-2023	Luns	10:00
5º EI	5-9-2023	Luns	11:00
6º EI	5-9-2023	Luns	12:00
1º EP	11-09-2023	Luns	18:00
2º EP	11-09-2023	Luns	17:00
3º EP	11-09-2023	Luns	16:00
4º EP	11-09-2023	Luns	18:00
5º EP	11-09-2023	Luns	16:00
6º EP	11-09-2023	Luns	17:00

Información de titoría: os luns, de 17:00 h. a 18:00 h.

Información de avaliación: ao remate de cada trimestre.

## **16. PLAN PARA A REALIZACIÓN DO TRANSPORTE ESCOLAR**

Como lexislación máis aplicable ao transporte escolar hai que referirse á Instrución 1/2023, sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso 2023/24. Tamén á Instrución Conxunta 9/2017, pola que se establecen recomendacións sobre a saída dos alumnos escolarizados nos centros educativos públicos de Galicia ao remate do horario lectivo e sobre a recollida deles nas paradas establecidas no transporte escolar.

O transporte escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación, está considerado como un servizo educativo de carácter complementario destinado fundamentalmente a garantir e facilitar o acceso á educación obrigatoria, constituíndo un importante factor da súa calidade.

Actualmente fan uso deste servizo 99 nenos/as, dun total de 153 que están matriculados no colexio neste curso 2023/24. Hai dúas liñas de transporte:

- **Liña 1:** As Rañas – Mesoiro Vello – Avda. Novo Mesoiro – Fragas do Eume – Breogán.
- **Liña 2:** Avda. Novo Mesoiro, rotonda 1 (Banco Santander) – Ribeira Sacra, 1ª parada – Ribeira Sacra, 2ª parada.

## **16.1. CAPÍTULO I: ACOMPAÑANTE ESCOLAR.**

O/a acompañante escolar é a persoa encargada do coidado dos menores durante o transporte e as operacións de acceso e abandono do vehículo. No noso centro, cada autobús vai dotado dunha persoa acompañante.

## **16.2. CAPÍTULO II: FUNCIONS E OBRIGAS DAS PERSOAS ACOMPAÑANTES.**

1. Recoller e acompañar ao alumnado dende e ata o recinto escolar.
2. Prestar especial atención durante a subida e baixada dos/das menores ao vehículo.
3. Descender do vehículo mentres se realizan estas operacións.
4. Controlar e vixiar os/as nenos/as en todo momento.
5. Evitar que os/as nenos/as molesten ao condutor/a.
6. Evitar que os/as nenos/as crucen sen comprobar que non veñen vehículos.
7. Revisar a adecuada colocación das mochilas.
8. Atender a calquera neno ou nena que sufra algunha indisposición.
9. Revisar, unha vez finalizado o transporte, o interior do autobús para asegurarse de que non queda ningún escolar e non existen obxectos abandonados dentro do vehículo.
10. Comprobar que ninguén vaia de pé.
11. Comprobar que non viaxan máis nenos/as que prazas ten o vehículo. Cada neno/a ocupará unha praza.
12. O/a acompañante irá preto da porta central ou traseira, nunca a carón do/da condutor/a.
13. Comprobar se falta algún rapaz ou rapaza e comunicalo ao centro escolar.
14. En caso de calquera incidencia, facer un parte de comunicación ao centro escolar.
15. Comprobar que os alumnos/as con algunha discapacidade se sitúen nas prazas máis próximas ás portas de saída.
16. Controlar que o alumnado que suba ao vehículo sexa usuario do servizo de transporte escolar, así como de que non entre ningunha persoa allea a este servizo.
17. Comprobar que cada alumno/a baixe na parada que lle corresponde, asegurándose de que é recollido polos seus pais/nais ou persoa autorizada. De non ser así, non deixar que baixen do bus e chamar á súa familia. De non localizala, levarase ao neno/a á central de autobuses. A hora de peche da mesma, se aínda non apareceron os responsables, deixarase baixo a tutela da Policía Local.
18. Coñecer a situación e manexo dos materiais de emerxencias: martelo rompecristais, extintor e fiestras de emerxencia ou socorro.

### **16.3. CAPÍTULO III: DEBERES DOS/DAS USUARIOS/AS.**

Todos/as os/as usuarios/as do transporte escolar teñen que ser conscientes dos perigos existentes, das situacións de risco que hai que evitar e coñecer os seus deberes para non xerar situacións de perigo.

Os deberes dos/das usuarios/as do transporte escolar gratuíto son:

- Chegar á parada do autobús con tempo suficiente, polo menos 5 minutos antes da hora á que ten previsto pasar o autobús.
- Non correr ao subir ao autobús nin tampouco ao saír.
- Esperar ata que o autobús pare, abra a porta e o/a acompañante dea a autorización para entrar no autobús. Non empurrar a outros/as nenos/as para subir o primeiro.
- Nunca camiñar por detrás do autobús.
- Despois de subir ao autobús, quedar sentado no asento, colocar a mochila e non berrar.
- Esperar a que o autobús estea totalmente parado para baixar del.
- Asegurarse de non levar nada enriba que se poida enredar na porta do autobús.
- Non camiñar polo bordo da beirarrúa, nin invadindo a calzada.
- Prestar atención ás entradas e saídas dos garaxes.
- Cruzar polos pasos de peóns, con paso rápido pero sen correr nin deterse na estrada.
- Cruzar en liña recta, e polo camiño máis curto.
- Non sacar os brazos ou a cabeza polas fiestras.
- Non tirar papeis ou obxectos polas fiestras.
- Non apoiarse nas portas de saída nin accionar os sistemas de apertura dos mesmos.
- Non cruzar por diante do autobús, xa que o resto dos vehículos non ten visibilidade.
- Empregar a varanda das escaleiras para baixar do autobús.

### **16.4. CAPÍTULO IV: DEBERES DAS FAMILIAS.**

Os pais, nais e titores legais deben asegurarse de que as nenas e nenos:

- Non corran para chegar ao bus, nin o fagan ao subir ou baixar del.
- Non empurren ás demais persoas.
- Cheguen a tempo.
- Se retiren cara a atrás cando chega o autobús.
- Respecten as indicacións da persoa acompañante e do/da condutor/a.
- Non griten nin alboroten dentro do autobús.

Ademais, informarán ao centro escolar e/ou aos titores/as dos días en que os seus fillos/as fagan uso dese servizo.

## **17. REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR**

O servizo de comedor funciona administrado e financiado pola ANPA do Centro.

A ANPA, como asinante do convenio coa empresa de catering, e o persoal da citada empresa, son responsables da atención e vixilancia do alumnado durante ese horario; recollendo aos alumnos/as ao remate da actividade lectiva e entregándolles aos pais ou titores/as ao remate do servizo.

### **17.1. CAPÍTULO I: DOS ALUMNOS/AS.**

1. Poden acollerse ao servizo de comedor todos os alumnos/as matriculados no centro que así o soliciten.
2. Os alumnos/as que se acollan ao servizo comprométese a aboar nos prazos establecidos as cotas estipuladas; o non aboamento das mesmas suporá a perda do servizo.
3. Cando un alumno/a non asista ao colexio, ese día ou días non poderá facer uso do servizo do comedor, salvo causa debidamente xustificada.
4. Os alumnos/as ateranse ás normas establecidas para o bo funcionamento do comedor.
5. O horario de permanencia no centro dos alumnos/as que se acollan ao servizo será de 14:00 a 16:00 horas.
6. No tempo que dure o servizo de comedor os alumnos/as estarán baixo a tutela dos coidadores/as de comedor, que serán os seus responsables.
7. Os alumnos/as que teñan o servizo de comedor poderán utilizar os servizos, o ximnasio e o patio exterior, sempre baixo a vixilancia dun coidador/a.
8. Os alumnos/as non poderán andar polo resto das dependencias do colexio.

### **17.2. CAPÍTULO II: ASEO E HIXIENE PERSOAL DENTRO DO COMEDOR.**

No ámbito do comedor, as medidas de aseo e hixiene deben ser asumidas por todos os usuarios/as. As normas básicas serán:

1. Coidar a hixiene persoal.
2. Lavar as mans antes de cada comida.
3. Coidar o aspecto externo; hai que ir correctamente peiteados e vestidos.
4. Lavar as mans e cepillar os dentes ao rematar a comida.

### **17.3. CAPÍTULO III: NORMAS DE COMPORTAMENTO NO COMEDOR.**

Serán as seguintes:

1. Os alumnos/as seguirán sempre as indicacións do persoal que atende o comedor.
2. Tratarán co debido respecto a todo o persoal.
3. As conversas faranse en voz baixa, co fin de non molestar aos demais.
4. Non se levantarán da mesa ata que todos rematen, ou cando llelo indique o monitor/a.
5. No comedor non se pode xogar.
6. Non se manipularán os alimentos coas mans.
7. Non se tirará nada ao chan; o comedor manterase limpo.
8. As sobras da comida, as mondas das froitas e os anacos de pan sobrantes recolleranse no prato e nunca enriba da mesa.
9. Non se empregarán como xoguetes os utensilios que se empregan para comer.
10. Na mesa os alumnos/as manterán a debida compostura, non se porán os cúbados sobre a mesa, non se falará coa boca chea, ao mastigar terase a boca pechada; non se debe beber ata que se trague a comida, estarán correctamente sentados na súa cadeira e non se abanearán na mesma; para limpárense empregarán o pano de mesa. Deben comer de todo e non soamente os alimentos que máis lles gusten; non se castigarán nunca privándoos da comida.
11. Utilizarán correctamente os cubertos. Non se empuñarán nin se xesticulará con eles.
12. Non se fará ruído cos cubertos golpeando o prato ou a mesa.
13. Nunca levarán o coitelo á boca.
14. Ao rematar de comer colocarán ordenadamente os cubertos no prato.
15. O pan individual non debe cortarse co coitelo. Para iso empregárase a man.
16. Os alimentos cortaranse con coidado; un anaquiño de cada vez.
17. Antes de beber hai que limpar os beizos co pano de mesa.

Todas estas normas serán recordadas e vixiadas para que se cumpran diariamente e actuarase para corrixilas no momento en que sexan vulneradas.

### **17.4. CAPÍTULO IV: COMPORTAMENTO NO TEMPO DE DESCANSO E LECER.**

1. Ao rematar a comida, os alumnos/as acompañados dos monitores, irán aos espazos indicados para o descanso e lecer.
2. Os alumnos/as atenderán en todo momento as indicacións dos monitores.
3. Os monitores indicarán aos nenos/as os espazos a utilizar, dependendo da climatoloxía e da actividade que se realice.
4. Se hai mal tempo, non se debería saír ao exterior.
5. Os alumnos/as coidarán o material e as dependencias do centro.

### **17.5. CAPÍTULO V: DEBERES DOS USUARIOS.**

1. Seguir sempre as indicacións dos monitores.
2. Mostrar o debido respecto e consideración con todo o persoal do comedor.
3. Respetar a todos os seus compañeiros/as.
4. Coidar, respectar e utilizar correctamente os bens mobles e as instalacións do comedor e das restantes dependencias do centro.
5. Respetar os enseres dos demais membros usuarios do comedor.
6. Realizar os pagos correspondentes dentro dos períodos establecidos.
7. Respetar e aceptar todo o proposto neste regulamento.
8. Informar ao centro escolar e/ou aos titores/as do uso que fagan os seus fillos/as deste servizo.

### **17.6. CAPÍTULO VI: CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS.**

A tipificación das faltas axustarase ao establecido nos capítulos anteriores e rexerase polo NOF (Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia) do centro.

### **17.7. CAPÍTULO VII: DOS MONITORES.**

1. Os monitores do comedor serán nomeados pola empresa contratante do catering e deberán reunir os requisitos e titulación esixidas pola normativa vixente.
2. Serán os responsables dos alumnos/as durante o horario que se preste o servizo.
3. Vixiarán en todo momento que se cumpra o estipulado neste regulamento.
4. Terán especial coidado no referente a sanción de faltas e nunca, baixo ningún motivo, aplicarán castigos físicos, nin ningún outro que supoña vexación moral ou discriminación aos usuarios.
5. Non privarán, como castigo ao alumno/a, da inxestión da súa ración de comida.
6. Vixiarán aos nenos/as e coidarán deles dende que abandonen o comedor ata que sexan recollidos, dentro do horario de prestación deste servizo (de 14:00 a 16:00), polos seus pais/nais ou titores/as.
7. Insistirán cos pais/nais para que sexan puntuais na recollida dos seus fillos/as.
8. Levarán a diario un rexistro de incidencias do comedor, asistencia, faltas ou calquera outra se a houbera.
9. Terán especial coidado para detectar as posibles alerxias que poidan presentar os usuarios e comunicaranllo de forma inmediata ao responsable do catering.

## **17.8. CAPÍTULO VIII: RELACIÓNS CO CENTRO.**

### **1. A empresa.**

- A empresa responsable do catering deberá enviarlle á Dirección do colexio a relación nominal das persoas adultas que se encarguen do servizo de comedor e do alumnado que asista a el.
- Na relación de alumnos/as comensais figurará o nome e apelidos, dirección, teléfono, idade, curso, nome e apelidos dos pais/mais ou titores, se presenta algún tipo de alerxia alimentaria, intolerancia a algún tipo de alimento, ou algunha enfermidade crónica (asma, diabetes, celiaquía, etc.)
- Ademais a empresa mandará a relación de menús, ben semanal ou mensualmente, do servizo que se sirve no comedor do Centro.

### **2. Os monitores.**

- Os monitores estarán en contacto coa Dirección do colexio e comunicaranlle calquera incidencia sinalable que ocorra no comedor.
- Servirán de canle de comunicación entre a empresa que subministra o cátering e a Dirección do Centro.
- Comunicaranlle á Dirección de forma inmediata a comisión dalgunha falta grave ou moi grave por parte dos usuarios do comedor, establecendo reunións periódicas.
- Estas reunións celebraranse ao comezo do curso, ao finalizar cada trimestre, e cando se vaia solicitar a prórroga do comedor.
- O coordinador/a do comedor reunirse coa Dirección do centro sempre que exista motivo xustificado, e para a toma de decisións sobre as sancións de faltas leves dos usuarios.

## **17.9. CAPÍTULO IX: RELACIÓNS COA ANPA.**

- Un representante da ANPA estará presente nas reunións que se celebran entre a Dirección do colexio e o/a responsable do comedor.
- A ANPA servirá de canle de comunicación coa Dirección do centro e a Federación de ANPAs de Centros Públicos.
- O/a representante da ANPA no Consello Escolar formará parte da comisión de disciplina que se constituirá no seo do mesmo para actuar na toma de decisións.
- A ANPA dará ao colexio a documentación que para o funcionamento do comedor lle sexa facilitada pola Federación de ANPAs e pola empresa concesionaria do servizo.

## **18. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO**

Este curso as actividades extraescolares son de luns a xoves, en período de 16:00 a 18:00; e os venres de 16:00 a 17:00.

As instalacións do centro que se utilizan polo persoal encargado de impartir estas actividades son o ximnasio e dúas aulas, así como as instalacións exteriores cando as condicións atmosféricas o permiten.

## **19. PLAN ANUAL DE LECTURA. EQUIPO DE BIBLIOTECA**

### **19.1. PROGRAMA DE FOMENTO DA LECTURA.**

Dentro do horario escolar, o alumnado pode facer uso do sistema de préstamo de libros durante:

- O recreo.
- No horario adxudicado a cada aula para uso da biblioteca do centro.
- Nalgunha sesión na que haxa dispoñibilidade de uso deste espazo e que a titora ou o mestre/a especialista desexe levalo a cabo.

Así mesmo, ao longo do curso escolar levaranse a cabo actividades de: lectura individual, apadriñamento lector, lecturas de contos, sesións de contacontos e debates con autoras/es.

Adicionalmente, e ao abeiro do *Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, co fin de fomentar o hábito da lectura, os centros docentes organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura e práctica da oratoria. Este tempo diario de lectura en Educación Primaria terá lugar nas diferentes áreas ao longo da xornada diaria. En función do que decida o mestre titor/a nese momento e das características do alumnado, farase lectura individual, conxunta,...

En Educación Infantil haberá un tempo diario de prelectura durante a mañá. En educación primaria o alumnado de terceiro e cuarto terá dous libros de lectura obrigatorios, un en galego e en castelán que traballarán ao longo deste tempo. E o alumnado de quinto e sexto de primaria terán tres libros de lectura obrigatorios, un en galego, un en castelán e outro en lingua inglesa.

## 19.2. EQUIPO DE BIBLIOTECA.

O equipo de biblioteca está composto por 8 membros:

- Saleta Cundíns Fernández: titora de 5º de Educación Infantil.
- María Jesús Pazos Mosquera: titora de 2º de Educación Primaria (actualmente está a substituta Bárbara).
- Jessica Paradela García: titora de 4º de Educación Primaria.
- Carmen Ibáñez Valiña: titora de 5º de Educación Primaria (actualmente está a substituta Isabel).
- María Barca Gómez: mestra especialista en inglés.
- Alba Domínguez Caneda: mestra especialista en Pedagogía Terapéutica.
- Ana María Astray Iglesias: mestra de Audición e Linguaxe.
- Cristina Toba Santabaya: titora de 3º de Educación Primaria (coordinadora).

## 19.3. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN NA BIBLIOTECA ESCOLAR.

- Realizar a solicitude para xestionar a biblioteca dende Koha.
- Rexistrar os libros e xogos da biblioteca escolar.
- Etiquetar e forrar os libros.
- Facer expurgo de libros que están obsoletos ou moi deteriorados.
- Solicitar o programa “Radio na Biblio”.
- Continuar coa “Biblioteca Creativa”.
- Abrir a biblioteca todos os días da semana na hora de lecer.
- Continuar coa apertura da biblioteca en horario de tarde. De luns a xoves de 16:00 ata as 18:00 horas e os venres de 16:00 a 17:00 horas.
- Darlle máis presenza ao blogue da Murguiteca coas informacións e traballos que se vaian realizando, informando ás familias da utilización do mesmo, involucrando a todos os membros da comunidade educativa na mellora e goce da nosa biblioteca. Enlace ao blogue da biblioteca: <http://mmurquiabiblioteca.blogspot.com/>. E ademais, darlle maior visibilidade dende o Instagram do centro educativo a todas as novidades da biblioteca.
- Comezar a idear o noso recuncho “Maker” e de “Xogo”.
- Seguir coa colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega nas diferentes actividades que se están a facer na biblioteca. Dentro desta colaboración, continuarase co proxecto da radio escolar, onde se expoñen e se difunden as actividades realizadas no centro e biblioteca creativa, así como se realizan diferentes talleres/obradoiros durante o recreo.

- Dotar de ordenadores portátiles e comezar co uso de tablets na biblioteca, en coordinación co equipo TIC.
- Continuar co labor no Consello Escolar.
- Modificar o Plan de Lectura e elaborar o Plan de Biblioteca, seguindo as instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares no curso académico 2023/2024.
- Seguir coa formación de usuarios e os voluntarios/as da biblioteca.
- Adquirir e ampliar fondos de libros dos que haxa menos variedade segundo a CDU.
- Conseguir novas mochilas viaxeiras para este curso escolar.
- Xestionar as propostas de libros de cara aos docentes do centro.
- Expoñer as novidades no expositor e tamén facer unha exposición en función das conmemoracións que se levan a cabo cada mes.
- Crear indicadores de avaliación: número de préstamos, usuarios, actividades, libros rotados, ausencias, uso do recuncho de lectura e xogos, utilización da bibliopatio....
- Continuar coa celebración das datas máis significativas.
- Aplicar o Proxecto Documental Integrado, este ano será “O Murguía nas Olimpíadas!”, con actividades relacionadas, exposicións...
- Articular estratexias de valoración do noso traballo cos titores/as, para mellorar a competencia en comunicación lingüística.
- Fomentar o hábito lector a través de contacontos, recompilación de escritos dende cuarto de Educación Infantil ata sexto de Educación Primaria, mochilas viaxeiras, apadriñamento lector, bibliopatio....
- Continuar co “Bibliopatio”, levando os libros ao patio para que así a biblioteca se encontre moito máis accesible e anime á lectura nos momentos de lecer.
- Conceder agasallos e premios nos diferentes concursos.
- Levar a cabo o Plan de lectura do Centro.
- Elaborar Trípticos coas recomendacións lectoras en Nadal e fin de curso.
- Facer normas da biblioteca para os recreos e gardas de tarde.
- Crear novos carnés de biblioteca para este curso escolar 2023/24.

## **20. PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TIC. EQUIPO DE TIC**

### **20.1. EQUIPO DE TIC.**

- Mar Vaamonde García. Coordinadora.

- Raúl Casal Álvarez.
- Juan Luis Zapata Trillo.

## **20.2. OBXECTIVOS DO EQUIPO DE TIC.**

O Plan Dixital foi elaborado durante o curso 2021/22 e implementado o pasado curso 2022/23. O actual curso académico será modificado para actualizalo ás novas necesidades existentes. A finalidade última será a de acadar os obxectivos a través das accións definidas en cada un deles. A continuación especifícanse os obxectivos primordiais e accións en cada caso:

**Obxectivo 1:** Aproveitar e rentabilizar ao máximo o equipamento tecnolóxico do centro.

- AO1.1: Revisión e optimización do funcionamento dos ordenadores, tablets e paneis dixitais do centro.
- AO1.2: Integración e promoción dos medios tecnolóxicos do centro que están en desuso ou infrautilizados.
- AO1.3: Revisión da páxina web e propostas de melloras xustificadas.
- AO1.4: Expurgo do material tecnolóxico desfasado ou en malas condicións.

**Obxectivo 2.** Fomentar a participación do profesorado en actividades de desenvolvemento profesional continuo.

- AO1.1: Difusión da oferta formativa da Rede de Formación do Profesorado relacionada co uso de tecnoloxía.
- AO1.2: Mantemento do espazo dixital para profesorado que temos na aula virtual co fin de seguir subindo aqueles titoriais ou boas prácticas para a súa consulta. Matriculación de todo o profesorado do centro.

**Obxectivo 3.** Dar a coñecer entre o profesorado varias alternativas de avaliación con tecnoloxía.

- AO1.1: Formación entre compañeiros/as no uso de instrumentos relacionados coa avaliación.
- AO1.2: Creación dun espazo na aula virtual para a recompilar guías, titorías, etc sobre o uso de ferramentas que faciliten a avaliación.

**Obxectivo 4.** Crear e difundir propostas educativas a nivel de centro que involucren ao alumnado no uso de tecnoloxía.

- AO1.1: Elaboración dun listado de indicadores relacionados coa competencia dixital do alumnado e distribuído por etapas e ciclos.
- AO1.2. Deseño de actividades trimestrais atractivas para o alumnado en colaboración cos diferentes equipos docentes.
- AO1.3: Acceso á aula virtual desde as titorías para promover a participación.

### 3. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Cada un dos obxectivos e accións anteriores teñen asociados uns responsables, recursos necesarios, data prevista de finalización e unha valoración para realizar o seguimento. Ademais, ao final de cada trimestre, realizarase unha avaliación do cumprimento ou non de cada obxectivo a través dos indicadores de logro especificados para eles.

## 21. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

### CALENDARIO ACTIVIDADES CURSO 2023 2024 DE OCTUBRE A JUNIO

ACTIVIDADES FEDERACION					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16:00 a 17:00 h.	PREPATINAXE (4 e 5 anos) PREPATINAXE (1º 2º)	ENGLISH LAB INFANTIL ENGLISH LAB (1º,2º,3º) PATINAXE ARTISTICO (3º4º5º)	PREPATINAXE (4 e 5 anos) PREPATINAXE (1º 2º)	ENGLISH LAB INFANTIL ENGLISH LAB (1º,2º,3º) PATINAXE ARTISTICO (3º4º5º)	
17:00 a 18:00 h.					

ACTIVIDADES ANPA CON LINEA 21 BALONMANO Y GIMNASIO FIBRA JUDO					
	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES
4H A 5H	JUDO (de 2º a 6º primaria)		JUDO (de 2º a 6º primaria)		MULTIJUEGOS LINEA 21 (infantil y primaria)
5H A 6H	JUDO (infantil y 1º primaria)	BALONMANO infantil y primaria	JUDO (infantil y 1º primaria)	BALONMANO infantil y primaria	

ACTIVIDADES ANPA CON SEROCIO					
	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES
4H A 5H	TEATRO (INFANTIL Y 1º PRIMARIA)		TEATRO (INFANTIL Y 1º PRIMARIA)		
5H A 6H		FUTBOL (DE 2º A 6º PRIMARIA)		FUTBOL (DE 2º A 6º PRIMARIA)	

## **22. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO**

As mestras e mestres avaliarán, nas sesións de avaliación do seu grupo, os procesos de ensino e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado e co logro dos obxectivos de etapa, e co desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación incluírá, polo menos, estes aspectos:

- a) A adecuación dos obxectivos xerais de etapa, obxectivos das áreas, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- b) As aprendizaxes acadadas polo alumnado.
- c) As medidas de atención á diversidade aplicadas.
- d) A programación e o seu desenvolvemento, a organización da aula, o aproveitamento dos recursos do centro e os procedementos de avaliación do alumnado.
- e) A coordinación entre mestres e mestras do nivel e entre os diferentes niveis, e o profesorado de sexto de Educación Primaria co de Educación Secundaria.

### **22.1. AVALIACIÓN ANUAL DA PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL.**

Nas últimas sesións anuais (xuño) de Claustro e Consello Escolar, a PXA será avaliada, segundo os obxectivos marcados na mesma.

### **22.2. AVALIACIÓN TRIMESTRAL DO CLAUSTRO E CONSELLO ESCOLAR.**

Tanto no Consello Escolar coma no Claustro, nas sesións de avaliación, trimestralmente, lévase a cabo un seguimento da PXA, tratando de acadar os obxectivos sinalados para o curso.

### **22.3. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.**

Entre os aspectos da programación didáctica que deben someterse a avaliación figurarán os seguintes:

- a) A adecuación dos obxectivos programados ás características do alumnado.
- b) A distribución equilibrada e apropiada dos contidos.
- c) A idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares empregados.
- d) A validez dos criterios de avaliación e dos estándares de aprendizaxe avaliáveis.
- e) A pertinencia das medidas de adaptación curricular adoptadas para os alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.

## 22.4. AVALIACIÓN DE ALUMNADO E PROFESORADO.

A avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, ademais da análise específica da programación, incluíra os seguintes elementos:

- a) A organización da aula e o aproveitamento dos recursos do centro.
- b) O carácter das relacións entre mestres/as e alumnos/as, e entre aqueles mesmos, así como a convivencia entre os alumnos/as.
- c) A coordinación entre os órganos e persoas responsables, no centro, da planificación e desenvolvemento da práctica docente: dirección, claustro de profesores, titores, mestres de apoio...
- d) A regularidade e calidade da relación cos pais/nais ou titores legais.

Proceso	Que se avalía?	A quen se avalía?
Son os cambios obtidos (aprendizaxe) sobre a base dunhas metas explícitas (obxectivos educativos ou criterios).	OBXECTIVOS/ CRITERIOS	ALUMNOS
Que alguén debe acadar (alumnado) a partir do formulación e do desenvolvemento duns contidos.	CONTIDOS	
E a través de determinadas actuacións.	ACTIVIDADES	
Que alguén organiza (profesorado) actuando dunha determinada forma.	METODOLOXÍA	PROFESORADO
Utilizando os estímulos adecuados.	RECURSOS	
E revisando de forma continua a validez da súa actuación.	META-AVALIACIÓN	CENTRO